



XORNADA

Faite Profesional Dixital do Marketing Dixital

Óscar Reboiras (Rianxo, 1979)

Formación: Licenciado en Ciencias da Comunicación.

- Que fai un community manager?

- Basicamente é a persoa que xestiona a imaxe dunha empresa nas redes sociais. Debe establecer un diálogo cos clientes e seguidores, escoitalos, responderlles sempre, ofrecerlles contido de valor e tratar de crear unha comunidade. Dese xeito, poden sentirse parte da marca.

- Como chegaches a esta profesión?

-Foi de casualidade. Actualizaba os contidos na web de R e botaba unha man no departamento de comunicación, así que por unha banda coñecía ben os produtos e servizos que ofrecíamos e, pola outra, sabía redactar e tiña coñecementos das novidades e dos proxectos que desenvolvíamos na empresa. O caso é que un bo día me poñen ao cargo do blog corporativo de R, coa idea de sermos moi próximos, moi abertos e nada grises. A cousa foi medrando e do blog saltouse ás redes sociais dun xeito natural.

- Que oportunidades de futuro representa?

-Bastantes, porque as redes sociais forman parte do noso día a día. Moitas empresas queren conectar cos seus clientes aí ou incluso usar estas plataformas como canle de venda promocional (cousa que eu non recomendo, xa que unha rede social non é unha rede publicitaria). Aí fan falla profesionais que definan ben unha estratexia, que fagan un seguimento e que ofrezan contidos de valor.

- Que recomendacións lle darías a quen queira orientar o seu futuro laboral cara a esta profesión?

- Aínda que soe a tópico, o fundamental é ter paixón e ganas. Que queiras facer algo porque che guste. A partir de aí, é importante coñecer ben o que fas, formarte, ser creativo, dinámico e non perder nunca a curiosidade e as ganas de aprender.